**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 20/03/2023**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**
MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 20/03/2023 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 13-mar-2023, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2023/0901**
Dáse conta das comparecencias realizadas polos veciños das Rúas Jorge Rodríguez Padín, Veiga do Mar e Avda. de Vilanova, en relación co deposito de auga que daba servizo ás vivendas da antiga "Atlántica", que na actualidade non presta o devandito servizo e se atopa aemais en mal estado de conservación.
Os veciños indican que non ostentan a propiedade sobre o antigo depósito e ao mesmo tempo recoñecen ao Concello a súa titularidade, coa finalidade de proceder á demolición do depósito e incorporar os terreos sobre os que se asenta á vía pública.
A Xunta de Goberno Local prestalle a aprobación.

**PRP2023/0907**
Dáse conta do escrito presentado por Asociación Alcer, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 11 de marzo de 2023, así como a cesión dunha carpa, mesa e cadeiras.
Dase conta de informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2023/0908**
Dáse conta de informe da Policía Local en relación con requirimento por parte dun veciño da Avda. Rodrigo de Mendoza nº 14-Río, o cal denuncia que o valado de protección do río, situado fronte ao portal onde reside, presenta graves problemas de seguridade por rotura da balaustrada dos extremos, así como pola inexistencia de ningún tipo de protección que evite a caída no resto do contorno.
Realizada inspección comprobase que efectivamente o citado valo carece de balaustrada nos seus extremos, así como que o resto do contorno que linda con unha das beirarrrúas pola que

circulan os peons carece de protección, polo que consideran conveniente a instalación de algún tipo de valado.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta ao Servizo Municipal de Obras para que se proceda á instalación do valado na zona que carece del.

**PRP2023/0910**
Dáse conta do escrito presentado por AA.VV. San Miguel de Trabanca Badiña no que solicitan a instalación de pasos depeóns nas Rúas Magnolio en dirección á marquesina do autobus, e Rúa Primeiro de maio, debido á elevada perigosidade que supón o cruce dos peóns nas citadas rúas.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación dos pasos depeóns nas citadas rúas no lugar sinalado pola Asociación de Veciños, acompañando ambos, para facelos máis visibles e seguros, coas respectivas sinais verticais S-13 a ambos dous lados dos paos, así como a sinalización (pintado) na calzada.
Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras para a realización da correspondente sinalización.

**PRP2023/0911**
Dáse conta do escrito presentado por THUNE EUREKA SA comunicando que a ambos lados da salida da empresa, é habitual que estean aparcados camións de grandes dimensións que dificultan a visibilidade na saída, polo que solicitan autorización pra a instalación dun espello que axude a mellorar a visibilidade da circulación impedida polo estacionamento dos camións. Así mesmo solicitan a colocación de fitos flexibles reflectores a ambos marxes da saída.
Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espellos efectivamente melloraría as condicións de visibilidade para poder acceder do recinto á estrada, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios da citada empresa.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación dos espellos solicitados, se ben dado que o uso será exclusivo para os usuarios da Empresa deberá colocalos pola súa conta. Autorízase así mesmo a colocación dos fitos flexibles por parte da Empresa para mellorar as condicións de manobra e visibilidade, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

**PRP2023/0913**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Montenegro Fernández denunciando o incremento de perigosidade da vía pública e indicando que considera insuficiente a sinalización na Rúa Sobrán.
Comunica así mesmo que a vivenda lindante coa súa se atopa en estado de ruina, supoñendo un risco para a súa vivenda e para a vía pública.
Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se considera o tramo de rúa debidamente sinalizado dado que conta cun sinal de 20 kh/h e na curva hai un espello colocado que facilita a visibilidade.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Xerencia de Urbanismo do escrito presentado pola Sra. Montenegro Fernández en relación coa situación das vivendas que se atopan en estado de ruína.

**PRP2023/0914**
Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á

Empresa IMATIA INNOVATION SL a impartición de cinco sesións on-line sobre programación de formularios dinámicos na plataforma CIVIDAS, dirixidas ao persoal do Departamento de Informática, por un importe total de 1.863,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22799.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0959**
Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Construcciones Metálicas Cuevas SL para a realización dun portal de aluminio para o CEIP Rubiáns con automatismo, por un importe total de 2.548,26 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0960**
Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre D. Juan Gonzalo Ozores Vázquez e o Concello de Vilagarcía de Arusa para a cesión dunha superficie de 173 m² de parcela situada en Rúa Combe, Sobradelo, ao lado da Fonte Pública de Combe, coa finalidade de xenerar un espazo público pegado á fonte pública existente, que permita a súa posta en valor e a xeneración dun espazo para o disfrute e aproveitamento da veciñanza.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión de 173 m² de terreo pegado á fonte pública para acondicionar o mesmo de maneira que permita o seu uso así como a mellora da fonte pública de Combe.

**PRP2023/0961**
Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre D. Juan Gonzalo Ozores Vázquez e o Concello de Vilagarcía de Arusa para a cesión dunha superficie de 146 m² de parcela situada entre as Rúas Combe e Rúa Feal - Sobradelo (REf. catastral 8047211NH1184N0001GJ), coa finalidade de proceder a dar cumprimento ás previsións do PXOM e ampliar o vial existente en Rúa Combe- Sobradelo á que da fronte a citada parcela.
O Concello de Vilagarcía comprométese á delimitación da parcela resultante tras a cesión gratuíta efectuada mediante o citado convenio. A delimitación farase de acordo coa normativa urbanística de aplicación, tendo en conta a clasificación do solo, coas seguintes consideracións:
- Realizacón dun peche perimetral ao longo da superficie cedida reutilizando a pedra do peche existente antes da cesión, nas condicións indicadas na normativa urbanística de aplicación.
- Acondicionamento da superficie aceptada polo Concello mediante o citado convenio para incorporar ao camiño municipal.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión de 146 m², así como os compromisos que figuran no mesmo.

**PRP2023/0965**
Dáse conta dos escritos presentados por D. Miguel Jiménez Montoya, D. Ismael Silva Casal e Dona Silvana Silva Jimenez solicitando a instalación de fibra óptica na Rúa Coruxo - Cornazo.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir as solicitudes á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA, para que se teña en conta a citada petición en

relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

**PRP2023/0940**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Juana Trinchete Tendero solicitando autorización para instalar un inchable con motivo da Semana Santa na Praza da II República, do 31 de maro ao 9 de abril de 2022.
A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, dado que durante as citadas datas se van a realizar as actividades organizadas pola Sociedade Filarmónica de Vilagarcía de Arousa.

## RECURSOS HUMANOS

**PRP2023/0916**
Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA S.L., dun servizo de parametrizacion e configuración da aplicación informática de Recursos Humanos GINPIX7 (Certificado de Retención e outros) por un importe de 2.032,8€ IVE incluído. con cargo á partida 920-22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## BENESTAR SOCIAL

### BENESTAR SOCIAL

**PRP2023/0977**
Sobre a solicitude á Consellería de Política Social de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal (Plan Concertado), dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto 99/2012, do 16 de marzo ( D.O.G. nº 63 do 30 de marzo de 2012), pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica (DOG nº 228, de 27 de novembro de 2014); e preséntanse para a súa aprobación o financiamento a solicitar nos seguintes termos:
PRIMEIRO. Solicitar á Consellería Política Social, segundo se reflicte no rexumo xeral do anexo V, a transferencia finalista para o financiamento de:
PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Política Social, a transferencia finalista para o financiamento de:
PERSOAL: 228.795,00€
MANTEMENTO: 0,00 €

- AXUDA NO FOGAR:
    - Modalidade de prestación básica. 21.600,00 €
    - Modalidade para persoas valoradas como dependentes. 754.722,00€
- XESTIÓN DE PROGRAMAS: 0,00€
- Total solicitado: 1.005.117,00€

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios seguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.
SEGUNDO. O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes para a súa achega, da seguinte maneira:

- PERSOAL:469.708,83€
- MANTEMENTO: 2.000,00 €
- AXUDA NO FOGAR:
    - Modalidade de Prestación Basica: 76.243,20 €
    - Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes: 366.642,48 €
- XESTIÓN DE PROGRAMAS: 1.480.441,32€
    - INVESTIMENTO: 0,00€

TOTAL COFINANCIADO. 2.395.035,83 €
TERCEIRO: En consecuencia o orzamento total para o proxecto presentado dos Servizos Sociais Comunitarios do ano 2023, é o seguinte:

- PERSOAL: 698.503,83 €
- MANTEMENTO: 2.000,00 €
- AXUDA NO FOGAR:
    - Modalidade de Prestación Basica: 97.843,20 €
    - Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes: 1.121.364,48€
- XESTIÓN DE PROGRAMAS: 1.480.441,32€
- INVESTIMENTO: 0,00

TOTAL 3.400.152,83€
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de transferencia cos datos indicados.

**EMPREGO**

**PRP2023/0917**
Dáse conta de proposta da Concellería de Promoción Económica en relación co PROGRAMA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN, que se formula como unha das iniciativas máis prometedoras para favorecer a inserción laboral e creación de emprego de calidade, en colaboración coas empresas referentes no Concello, en cada un dos sectores económicos.
O programa materializarase na contratación da formación específica con unha empresa preferentemente local para a mellora da empregabilidade de persoas desempregadas e a sinatura dun convenio con aquelas empresas que amosen a súa disposición para participar na iniciativa.
As empresas colaboradoras asinarán un compromiso de contratación dun mínimo de alumnos participantes nas accións formativas, durante un mínimo de 3 meses a xornada completa.
Logo da sinatura dun convenio, coa Empresa FUNDIVISA no que se compromete á contratación de alomenos o 30% dos alumnos participantes na formación, así como a poñer a disposición do Concello e da empresa encargada da formación as instalacións precisas para a impartición das accións formativas.
O obxecto do contrato é a contratación das devanditas accións formativas cunha empresa de formación con experiencia na impartición das materias requiridas polo perfil profesional mediante un contrato de servizos.
Visto o que antecede A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por QUICK UP FORMACIÓN Y DESARROLLO S.L. CIF B27878586, por un importe de 14.600,00 € para a ación formativa sinalada, con cargo á partida orzamentaria 241-22799
- Aprobar a sinatura do Convenio coa empresa colaboradora

Con carácter previo a onicio das accións formativas, a empresa adxudicataria, deberá remitir ao Concello copia da póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemnto do cruso como os do traxecto en concepto de desprazamento ao lugar de desenvolvemento das clases e das prácticas.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/0939**
Dase conta da Resolucion da Diputacion Provincial de Pontevedra, relativa as CONTRATACIONS DA LINA 3-EMPREGO DENTRO DO PLAN PARA CONSERVACION E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2023 LIÑA 3 , na que se aproba a certificacion acreditativa achegada polo Concello de Vilagarcia, relativa a contratacion laboral de trinta traballadores por un periodo de 9 e 10 meses e se reconece a obriga e ordea o pagamento a este Concello do importe de 228.758,85€.
Este importe corresponde co 80% restante da subvención que se calcula para cada traballador en función da súa xornada e da duración do seu contrato en base á comunicación do concello sobre o número de contratacións formalizadas iniciadas no primeiro mes de contrato.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2023/0843**
Dáse conta da modificación da cantidade solicitada de subvención para contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión.
A partir do 1 de xaneiro de 2023, sumando o incremento de tipos do Mecanismo de Equidade Interxeneracional (0,6%), o tipo de cotización por continxencias comuns queda fixado nun 28,90%, que desglosarase nun 24,10% a cargo da empresa (un 0,5% más que no 2022) polo que a cotización empresarial á Seguridade Social aumenta dende xaneiro de 2023, aos seguintes custos, modificando as cantidades a solicitar e a aportación municipal da citada subvención.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Emprego e Igualdade, para contratación de 15 traballadores desempregados/as durante 9 meses, a xornada completa, asemade acórdase aprobar a aportación municipal por importe de 63.668,7€.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2023/0938**
Vista a proposta da Concellería de Educación dando conta da próxima celebración da III Edición "Camiños do Coñecemento", no que se impartirán 3 seminarios que teñen como obxectivo principal favorecer a democratización do coñecemento, potenciando e difundido o coñecemento

científico e artistico a toda a poboación maior de 50 anos. As actividades se levarán a cabo os días 17, 18, 25, 26, 27 e 28 de abril de 2023 de 16:30 a 18:00 horas, na sala de Conferencias do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da citada III Edición "Camiños do Coñecemento", abrindo un prazo de presentación de inscricións dende o luns 27 de marzo ao venres 10 de abril ambos inclusive.

**MERCADOS**

**PRP2023/0962**
Dáse conta da solicitude de Don José María Vázquez Abad, de cambio de titularidade dos postos nº 118-119-120, da zona Alexandre Bóveda, do mercadillo de Vilagarcía de Arousa, a nome da sua conxuxe María Carmen Guillán Fontenla, por xubilación.
Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, polo periodo que resta da concesión, pasando despois a autorizacións, previa solicitude, por un período máximo de cinco anos, prorrogables a criterio e por acordo da Xunta de Goberno Local de forma expresa, por idénticos períodos.

**PRP2023/0963**
Vista a solicitude de Dona Lucia Outes Bravo de baixa dos postos 25-26, da Praza do Peixe do mercado de Vilagarcía de Arousa, así como no Padrón de Mercados, e visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, con efectos de 28 de febreiro de 2023, téndose extinguida dende a mesma data a titularidade dos devanditos postos.

**PRP2023/0964**
Vista a solicitude de Dona María Digna Tarrio Sánchez de baixa dos postos 78-79, da zona Dr. Carús do mercado de Vilagarcía de Arousa, así como no Padrón de Mercados, e visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, con efectos de 31 de marzo de 2023, téndose extinguida dende a mesma data a titularidade dos devanditos postos.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

**MEDIO AMBIENTE**

**PRP2023/0746**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por NELMAR S.L.U. para compra dunha rede tridimensional para o parque infantil de A Xunqueira, por un importe total de 5.916,90€ (IVE incluído), con cargo á partida 171.61900, de confromidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

**MULLER E PERSOAS MAIORES**

**PRP2023/0958**
Dáse conta de proposta da Área de Igualdade en relación coa realización da segunda parte da

campaña- acción sobre acoso en RR.SS. e whatshap indicada no pasado ano, co obxectivo de concienciar sobre a problemática das violencias machistas que se estenden a través das redes sociais, así como informar e educar sobre o bo uso das TIC.
Mediante Resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2022 foron transferidos os fondos asignados aos Concellos. A resolución de transferencias, publicada o 02 de agosto de 2022 , recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 25002,84€ €. O Concello, pola súa parte, tiña un remanente compensable no 2022 de 4,35 euros, polo que a cantidade a ingresar sería de 24998,49. Desta resolución e do remanente deuse conta á XGL de data 22 de agosto de 2022, onde se aprobou o ingreso de 24998,49 euros máis o remanente de 4,35 euros.
A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de xuño de 2023 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2023.
A prevención da violencia machista constitúe unha liña transversal e prioritaria para a Área de Igualdade-CIM, que se materializa en diferentes intervencións orientadas a traballar, dende idades cada vez máis temperás, a igualdade entre homes e mulleres como estratexia de prevención e de promoción dunha sociedade máis xusta e equitativa e complementar a labor desenvolvida polo persoal docente nas aulas.
Para a realización da campaña a desenvolver ao longo do mes de abril sobre machismo e acoso en redes sociais “Pon as lentes violetas” , a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización da citada campaña, por un importe total de 3.194,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22602, coa seguinte desagregación:

| Proveedor | Datos fiscais | Servizo a Prestar | Orzamento |
|---|---|---|---|
| BAÑOS PRINT, S.L. | B36252872<br>López Ballesteros,9 36600 Vilagarcia de Arousa – Pontevedra | - Rotulación bus traseira + laterais<br>-20 gráficas Mupis | • 1288,65<br>• 1742,40 |
| EMPRESA PEREIRA S.L. | B36030997<br>Rúa Patiño 19. Pol.Industrial Trabanca 36600 – Vilagarcia de Arousa | Publicidade traseira e lateral, bus urbano do 31/03/23 ao 30/04/23 | • 163,35 |

## CULTURA

### PRP2023/0945

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Breogán de O Piñeiro, por un importe total de 1.744,82€, con cargo á partida 334.22703:

| Concepto | Importe | Provedor |
|---|---|---|
| Limpeza durante 2 horas á semana durante o ano 2023 | 1.669,80€ | Daniela Henriques de Oliveira |
| 5 atriles tcm ms-531 negro con funda | 75,02€ | Carlos Galbán Zaragoza |

Acórdase o reintegro á partida correspondente da diferencia restante que ascende a cantidade de 55,18€
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2023/0947

Vista a solicitude de Don Francisco José Castro Veloso, en representación de Editorial Galaxia, S.A., e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o 29 de marzo de 2023, en horario de mañá, para a representadión da

obra "Espantallo Amigo", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
- Salón de actos do Auditorio: 1 día.
- TOTAL: 264,70€
Dar conta ao Departamento de Rendas.

**PRP2023/0948**
Vista a solicitude de Dona Mª Dolores Ramos Cascallar, en representación de Greenpeace, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 22 de abril de 2023, para a celebración do día Internacional da Terra, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
Deberá aportar copia da póliza de seguro responsabilidade civil e sinistros, e recibo de aboamento da mesma.
Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2023/0951**
Vista a solicitude de Don Alvaro Jesús Pérez Becerra, en representación de Aine Producións, S.L, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 21 de abril de 2023, de 20:30 a 23:00 horas, para a representación do espectáculo "Somos Criminais 3", cun prezo de entrada de : Zona A: 18€, zona B: 15€, Zona C:12€ para cada un/ha dos/as alumnos/as, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.
A recadación será para a entidade solicitante.
De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
- Sala Principal do Auditorio: 264,70 €

- Responsable de sala: 153,00€
- Operarios (2): 306,00€
- Persoal de taquilla(2): 127,50
- TOTAL: 851,20€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

**PRP2023/0953**

Vista a solicitude de Don Paulino Mouriño Cascallar, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas de Sna Martiño de Sobrán Vilaxoán o 19 de marzo de 2023:

- Asociación Cultural os Trasnos de Guillán por un importe de 250,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2023/0954**

Vista a solicitude de Asociación Cultural San Jose Aldea de Arriba, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas de San José en Cea o 19 de marzo de 2023:

- Actuación do grupo de gaitas do Centro Cultural e Deportivo Sta. Plácida, por un importe de 391,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2023/0955**

Vista a proposta da Concellería de Cultura para aprobar a celebración dun Ciclo de Corais, co obxetivo de descentralizar e impulsar a progrmacion cultural, para que chege a todos os lugares.
A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto correspondente os concerto previsto dentro da actividade denominada "CICLO CORAIS" que se levarán a cabo durante os meses de abril e maio en distintas igrexas parroquiais deste Concello de Vilagarcía, sendo o cantidade total da actividade e segundo a táboa indicada no punto CUARTO de 3.507,00€, con cargo á partida 334-22609, coa seguinte desagregación:

| NOME FISCAL | CIF | DÍA ACTUACIÓN | LUGAR (IGREXA) | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|
| ASOC. CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO | G94108933 | 07-04-2023 | STA. BAIA DE AREALONGA | 300,00€ |
| ASOC. CULTURAL CORAL POLIFÓNICA DE SOBRADELO | G36216414 | 15-04-2023 | DIVIÑO SALVADOR DE SOBRADELO | 391,00€ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ASOCIACIÓN VOCES AMIGAS DE VILAGARCÍA | G94116365 | 16-04-2023 | SAN PEDRO DE FONTECARMOA | 250,00€ |
| ASOCIACIÓN CORO LICEO DE VILAGARCÍA | G94002862 | 22-04-2023 | SAN PEDRO DE CORNAZO | 585,00€ |
| ASOCIACIÓN CORAL ROSALÍA DE CASTRO DE VILAGARCÍA | G36457745 | 23-04-2023 | STA. RITA – CONVENTO VISTA ALEGRE | 335,00€ |
| ASOCIACIÓN CULTURAL CORTEGADA | G36168854 | 29-04-2023 | SAN FINS DO SIXTO-SOLOBEIRA | 391,00€ |
| ASOCIACIÓN CULTURAL AMENCER | G94135449 | 29-04-2023 | SAN MIGUEL DE TRABANCA BADIÑA | 335,00€ |
| CORAL POLIFÓNICA DE VILAXOÁN – MÁXIMO PATIÑO MÉNDEZ | G36446862 | 06-05-2023 | SAN MARTÍN DE SOBRÁN | 585,00€ |
| AGRUPACIÓN CORO PARROQUIAL STA. EULALIA DE VILAGARCÍA | G36197721 | 20-05-2023 | A NOSA SRA. DA XUNQUEIRA | 335,00€ |

Indicar que a factura que se emita deberá ser a nome do concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello , que está dispoñible na web municipal.
Deberá terse en conta, que será a cargo do solicitante ou organizador, calquera tipo de taxa, imposto, sociedade xeral de autores (SGAE) ase como os permisos necesarios segundo a lei 10/2017, de 27 de decembro de espectáculos públicos y actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por dito evento.

## CONTRATACIÓN

**PRP2023/0920**
Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2022, adxudicouse á mercantil EXCAVACIONES J. CARREIRA S.L. o contrato de obras denominado “Demolición edificación Avda. da Mariña 15 (Comandancia)”; por un importe de 123.401,22 € ó que lle corresponde un IVE (21%) de 25.914,26 € o que totaliza un importe (IVE engadido) de 149.315,48€.
O contrato administrativo foi asinado con data 9 de xaneiro de 2023, cun prazo de execución da obra de 1 mes contado a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación de repranteo, que foi asinada o 9 de febreiro de 2023.
Con data 8 de marzo de 2023 (rexistro WEB2023001589), don José Manuel Carreira Seijas, en representación da empresa adxudicataria EXCAVACIONES J. CARREIRA S.L., solicita ampliación de prazo de execución por 3 semanas, ata o 30 de marzo de 2023, motivada pola aparición dunha serie de problemas non contemplados inicialmente no proxecto (tala, corte e xertión de 19 árbores, cambio no procedemento de traballo da retirada e manipulación do mural existente, tardanza na aprobación do permiso de retirada de amianto, etc.)
Debido a este tipo de problemas na execución da obra solicitan unha prórroga de 3 semanas para poder terminar a execución da mesma, fixando como data de terminazión o vindeiro 30 de marzo de 2023.
Con data 9 de marzo de 2023, o director de obra, o arquitecto técnico don José Manuel Millán Armas, asina e da o visto e prace á solicitude presentada pola empresa adxudicataria, manifestando a súa conformidade coa solicitude de ampliación de prazo de 3 semanas, é dicir, ata o 30 de marzo de 2023, motivado no exposto anteriormente.
Dáse conta de informe xurídico no que se indica:
A cláusula 5.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato indica que “O prazo contractual prorrogarase unicamente cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.”
O artigo 193.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público establece que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo. Así mesmo o art. 195.2 do mesmo texto legal indica que se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos si se lle amplía o citado prazo de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista diga un prazo menor. O responsable

do contrato emitirá un informe onde se determine se o atraso foi producido por motivos imputables ao contratista.
O artigo 100.2 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro , polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, literalmente di: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de 15 días desde aquel en o que se produza a causa orixinaria do atraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración, para os efectos de que a Administración poida oportunamente, e sempre antes da terminación do prazo de execución do contrato, resolver sobre a prórroga do mesmo, sen prexuízo de que unha vez desaparecida a causa se reaxuste o prazo prorrogado ao tempo realmente perdido.
Se a petición do contratista se formulara no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes ao de finalización do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolvese sobre ela”.
A solicitude de ampliación do prazo de execución preséntase no rexistro electrónico deste Concello o día anterior ao remate do prazo de execución, dando o seu visto e prace á mesma o director de obra o 9 de marzo de 2023. Na solicitude, que conta co visto e prace do director de obra, faise constar que as causas que motivan a solicitude de ampliación do prazo de execución non son imputables ao contratista.
De acordo coa data de presentación da solicitude de ampliación do prazo de execución, non é posible a súa resolución nos prazos establecidos polo lexislación contractual.
Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente, así como o visto e prace da solicitude de ampliación do director de obra, de 9 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a ampliación do prazo de execución do contrato, ata o 30 de marzo de 2023.

**PRP2023/0924**
O Boletín Oficial do Estado do 24/02/2023, publicou a Resolución 01/2023, do 17 de febreiro de 2023, pola que se aproba a Primeira Convocatoria de Subvencións da Fundación dos Ferrocarrís Españois, F.S.P. a favor de Entidades Locais, para o fomento do uso da bicicleta a través de investimento en infraestrutura ciclista. O Concello de Vilagarcía ten previsto solicitar dita subvención.
Na Av. Rosalía de Castro, Rúa Colón e Praza da Constitución, éste Concello quere continuar cccoa humanización deste entorno nunha superficie aproximada de 3.200 m2 , para conseguir un espazo urbano de calidade, cunha mellora da calidade de vida e saúde dos cidadáns, mellorando a calidade urbana, ambiental, paisaxística e de seguridade. Renovando os firmes, pavimentos, aceras e servizos; mellorando e reforzando a señalización horizontal e vertical; ampliando aceras e mellorando a accesibilidade; ordenación de usos, accesibilidade e mobilidade; etc.
Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de “Redacción de proxecto de Humanización e Reurbanización da Avda. Rosalía de Castro, Rúa Colón e Praza da Constitución do Concello de Vilagarcía”, á mercantil ENURCOIN, S.L. (NIF B70408877), por un importe de 7.900,00€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.659,00€, o que totaliza un importe de adxudicación 9.559,00€ con cargo á partida orzamentaria 150.640.

**PRP2023/0926**

Ante a necesidade, exposta por parte da veciñanza ao Concello de Vilagarcía de Arousa, de mellorar a seguridade das persoas que transitan as rúas municipais, debido á gran velocidade que acadan nalgunhas delas os vehículos e ao perigo que estas actuacións conlevan.
Coa finalidade de mellorar a seguridade peonil da cidade e dar resposta ás demandas veciñais anteriormente expostas, foi redactado polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, o proxecto denominado "Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais", que describe as obras necesarias para levar a cabo a implantación de redutores de velocidade e pasos de peóns elevados en diversas rúas municipais, coa súa correspondente sinalización.
Concretamente, as obras de implantación de redutores inclúen:
- Construción de redutor de velocidade "lomo de asno" e pasos de peón sobreelevados.
- Instalación de sumidoiro e conexión á rede de pluviais nos casos onde exista posibilidade de acumulación de auga.
- Instalación de Sinalización vertical de Perigo Badén (P-15a)
- Instalación de Sinalización vertical advertencia perigo paso de peóns (P-20)
- Instalación de Sinalización Situación paso de peóns (S-13)
- Instalación de Sinalización vertical de limitación de velocidade (R-301)

As labores descritas levaranse a cabo no seguintes viais: rúa Marxión, rúa dos Anxos en Carril, rúa Fontecarmoa, rúa Veiga de Mar en Vilaxoán, rúa Aralde e rúa Mestres Trigos e Pazos, rúa Pedramogueira e Galáns, rúa do Xogo en Sobrán, rúa Soutelo e Igrexario en Rubiáns, rúa Figueiras en Trabanca Badiña e rúa Xesteira en Sobradelo.
O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 47.574,30€ (IVE engadido).
O prazo de execución establecido na referida memoria valorada é de 2 meses. Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto denominado "Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais", redactado polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 47.574,30€.

**PRP2023/0957**
Dáse conta do informe da Secretaría Xeral en relación á solicitude de PREZERO ESPAÑA SAU de aprobación dun gasto de 140.204,79 € en concepto de paga única de atrasos aos traballadores, con carácter non consolidable, para compensar a perda de poder adquisitivo do ano 2021 e a suba do IPC de 2022 (IPC ano 2022: 5.7%), no que sinala, entre outros, o seguinte:
1.- O Pleno na súa sesión de data 23/02/2023 adxudicou o contrato de servizos denominado "CT 23/2021-e "CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS, XESTIÓN DO PUNTO LIMPO E LIMPEZA VIARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA cun orzamento de licitación de 36.241.579,64 € (sen IVE) e de 39.865.737,60 € (IVE incluído), sendo o orzamento base de licitación anual de 4.530.197,45 € (sen IVE), 4.983.217,20 € (con IVE), á empresa con NIF: A79524054 URBASER,S.A., por un prezo de 34.790.892,24 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (10%) de 3.479.089,22€, o que totaliza un importe de 38.269.981,46€ (IVE incluído), para un período de 8 anos; sendo o prezo anual de 4.348.861,53€ (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (10%) de 434.886,15 €/ano, o que totaliza un importe total anual de 4.783.747,68 €/ano, de conformidade coa súa oferta, por ser esta a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación e conforme as cláusulas contidas nos pregos de prescricións técnicas particulares e de claúsulas administrativas particulares que rexen a adxudicación do presente contrato e debendo axustarse, durante o período de execución do contrato aos citados pregos, así como aos termos da súa

oferta, os cales formarán parte do contrato.
2.- O contrato que o concello de Vilagarcía mantén con CESPA, S.A. (actualmente PREZERO) para a recollida de lixo e limpeza viaria dende o mes de xullo de 1993, atópase prorrogado ata que comece a execución do novo contrato adxudicado á empresa Urbaser, S.A.
3.- O art. 210.4 da lei de contratos do sector público, ao referirse ao cumprimento dos contratos e recepción da prestación, dispón que “Excepto en los contratos de obras, que se regirán por lo dispuesto en el artículo 243, dentro del plazo de treinta días a contar desde la fecha del acta de recepción o conformidad, deberá acordarse en su caso y cuando la naturaleza del contrato lo exija, y ser notificada al contratista la liquidación correspondiente del contrato, y abonársele, en su caso, el saldo resultante. No obstante, si la Administración Pública recibe la factura con posterioridad a la fecha en que tiene lugar dicha recepción, el plazo de treinta días se contará desde su correcta presentación por el contratista en el registro correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente en materia de factura electrónica”.
En atención ao exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:
Comunicar á empresa Prezero España, S.A.U. que a Xunta de Goberno Local procederá ao recoñecemento da obriga e posterior abono da cantidade de 140.204,79 €, na fase de liquidación do contrato, e dentro do prazo de 30 días a contar dende a data de recepción ou conformidade, momento no que deberá presentarse a correspondente factura en concepto de liquidación do contrato (con carácter independente das facturas mensuais ordinarias) acompañadas dos xustificantes de abono deste gasto.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2023/0969**
Vsto o expediente de gasto INT/2023/94 integrado pola relación de xustificantes F/2023/13 por importe de 149.653,19€.
Vista a Base 21ª.1 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.
Vistas a base 21ª.2 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:
• Contratos de subministro ou de servizos que sexan de tracto sucesivo e correspondan como máximo o derradeiro trimestre do exercicio inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.
• Contratos de subministro ou de servizos para os que o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro.
• Contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.
Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.
Considerando que a imputación do gasto do exercicio anterior non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2023.
A Xunta de Goberno Local acorda:
PRIMEIRO: Imputar o gasto do exercicio 2022 aos créditos das aplicacións do orzamento

corrente para as facturas (F/2023/703, F/2023/705 e F/2023/1084) incluídas na relación Nº F/2023/13 por importe total de 4.255,50€

SEGUNDO: En virtude do establecido na Base 21 do orzamento, Imputar o gasto do exercicio 2022 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente (2022 prorrogado), segundo se indica.

SEGUNDO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2023/13 por importe de 149.653,19€. co seguinte desglose:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Importe Total | Programa | Economica | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2023/18 | Emit- 327 | 33,88 | 926 | 22602 | BAÑOS PRINT, S.L. | CARTELES 100*70 MARTES ARTE |
| F/2023/22 | A23- 4 | 484,00 | 2314 | 203 | ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. | instalación de cuadro electrico en la plaza de Ravella según presupeusto numero 30422 |
| F/2023/27 | 02148000035322F | 6.116,07 | 334 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Diciembre de 2022SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES / Se |
| F/2023/31 | 02148000035922F | 1.157,10 | 3262 | 22700 | CLECE, S.A. | ESCUELA MUNICIPAL DE MUSICA ""BERNARDO DEL RIO"" Diciembre de 2022Importe servizos |
| F/2023/33 | 02148000035622F | 493,08 | 135 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza de EDIFICIO E INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Diciembre de 2022Importe servizo |
| F/2023/38 | 02148000034922F | 790,87 | 334 | 22700 | CLECE, S.A. | Incremento de frecuencia de limpieza de la instalación BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), correspondiente al |
| F/2023/39 | 02148000035022F | 4.033,62 | 3321 | 22700 | CLECE, S.A. | BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Diciembre de 2022ZONAS COMUNE |
| F/2023/53 | S23 000298 | 451,00 | 912 | 22001 | LA VOZ DE GALICIA, S.A. | PEDIDO 3710: Suscripción a La Voz de Galicia (VL) de 01/01/2023 a 31/12/2023 Datos servicio: ILTMO. SR. ALCALDE PRESIDEN |
| F/2023/326 | 2023- 163 | 1.583,08 | 150 | 22706 | CALIXTO ESCARIZ, S.L.U. | HONORARIOS ( Asistencia jurídica en materia de urbanismo al ayuntamiento de Villagarcía de Arosa correspondiente al mes |
| F/2023/538 | 18 | 283,98 | 920 | 22699 | COMUN. PROP. FERMIN BOUZA BREY 5-7 | COTA 1º SEMESTRE 2023 DO BAIXO Nº 2 DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA C. GENARL FERMIN BOUZA BREY 5-7 |
| F/2023/546 | Emit- 105 | 21,78 | 920 | 22000 | TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL | Portatacos calendario Ref. nº 8. Negro. |
| F/2023/553 | A23- 30 | 54.979,99 | 338 | 22799 | ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. | Subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmonta |
| F/2023/611 | 401230029 | 221,47 | 338 | 22699 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | CLAVIJA 2P+T 16A IP44 CAUCHO NEG.CLAVIJA 2P+T 16A IP44 CAUCHO NEG. / BASE 2P+T 16A CAUCHO NEG.BASE 2P+T 16A CAUCHO NEG. |
| F/2023/660 | Emit- 2023015 | 1.512,50 | 2314 | 22610 | MR. MISTO PRO AND SER, S.L. | autocine ( el regreso de Mary Poppins ) |
| F/2023/665 | FV 230059 | 10.660,89 | | | OZONA TECNOLOGIAS DE LA INFORMACION, | Aprobado en Junta de Gobierno local del 13/01/2023. Ren. Citrix Apps |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | S.L. | Advanced from Virtual Apps Standard Upgrade (01/01/ |
| F/2023/670 | Emit- 27 | 3.000,00 | 432 | 22799 | ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. | Asistencia técnica acto de presentación de Vilagarcía de Arousa en FITUR |
| F/2023/672 | 02148000000423F | 4.033,62 | 3321 | 22700 | CLECE, S.A. | BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Enero de 2023ZONAS COMUNES / |
| F/2023/673 | 02148000000323F | 790,87 | 334 | 22700 | CLECE, S.A. | Incremento de frecuencia de limpieza de la instalación BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), correspondiente al |
| F/2023/675 | 02148000001323F | 1.157,10 | 3262 | 22700 | CLECE, S.A. | ESCUELA MUNICIPAL DE MUSICA ""BERNARDO DEL RIO"" Enero de 2023Importe servizos |
| F/2023/678 | 02148000000723F | 6.116,07 | 334 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Enero de 2023SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES / Serviz |
| F/2023/680 | 02148000001023F | 493,08 | 135 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza de EDIFICIO E INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Enero de 2023Importe servizo |
| F/2023/700 | 2023- 297 | 1.583,08 | 150 | 22706 | CALIXTO ESCARIZ, S.L.U. | HONORARIOS ( Asistencia jurídica en materia de urbanismo al ayuntamiento de Villagarcía de Arosa correspondiente al mes |
| F/2023/702 | 1073 233200046 | 6.158,90 | 338 | 204 | BAYGAR, S.L. | TRANSPORTE IDA / MONTAJE ANDAMIO / PLAN DE MONTAJE DE ANDAMIO / CERTIFICADO C.O.I.T.I / RETIRADA DE JAULAS VACIAS / REPO |
| F/2023/703 | Emit- 1045 | 1.265,00 | 134 | 22699 | GOAHEAD RESTAURACION 2020 SOCIEDAD LIMITADA | SEMANA DE MOVILIDAD COMIDA ORGANIZADA EL PASADO 22 DE SEPTIEMBRE DE 2022 / COMIDA ORGANIZADA POR PAOLA MARIA MOCHALES |
| F/2023/705 | Emit- 1051 | 2.062,50 | 134 | 22699 | GOAHEAD RESTAURACION 2020 SOCIEDAD LIMITADA | SERVICIO COFFE BREAK 27 DE SEPTIEMBRE DE 2022 / SERVICIO COFFE BREAK 28 DE SEPTIEMBRE DE 2022 / SERVICIO COFFE BREAK 29 |
| F/2023/710 | 1-27- 2023 | 720,00 | 2314 | 22610 | EMPRESA PEREIRA, S.L. | 12/12/2022 Traslado de los Colegios Piñeiriño, Rubianes, EEI Solobeira, Aralde y CEE Bata al Parque Miguel Hernandez; e |
| F/2023/912 | Emit- 329 | 60,50 | 920 | 22699 | BAÑOS PRINT, S.L. | digitalización proyecto alvaro cunqueiro ( respobsable compras ROSA LOSADA SUÁREZ ) |
| F/2023/955 | S23 015096 | 451,00 | 3321 | 22001 | LA VOZ DE GALICIA, S.A. | PEDIDO: BIBLIOTECA MUNICIPAL PEDIDO 23053: Suscripción a La Voz de Galicia (VL) de 02/02/2023 a 01/02/2024 Datos servici |
| F/2023/1039 | Emit- 67 | 116,00 | 3321 | 22001 | CARREIRO FERNANDEZ, ABRAHAM | Subscricion á revista infantil O Papagaio, 4 exemplares/mes para a biblioteca municipal ( De febreiro 2023 a xaneiro 202 |
| F/2023/1047 | Rect-Emit- 12817 | 522,72 | 920 | 22000 | IMPRENTA AGQ, S.L. | Rect. Emit- 12817 / Encuadernación Resoluciones Alcaldia |
| F/2023/1048 | 026/23 | 402,75 | 920 | 22000 | PAPELERIA ARINES, C.B. | SUBMINISTRO DIVERSO DE MATERIAL DE OFICINA. (ADMÓN. XERAL). |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2023/1051 | F 230250 | 260,15 | 150 | 22000 | GRAFICAS ANDURIÑA, SCG | Carpetas a 1/1 tinta con hendidos y plegadas a 22.4x32 cm., XERENCIA URBANISMO-LICENCIA DE OBRA |
| F/2023/1053 | F 230249 | 248,05 | 150 | 22000 | GRAFICAS ANDURIÑA, SCG | Carpetas a 1/0 tintas con hendidos y plegadas a 22x32 cm. URBANISMO COMUNICACION PREVIA |
| F/2023/1061 | A 147 | 287,19 | 912 | 22601 | VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L. | Placa de metacrilato con forma corte láser / 18mm. de espesor. Composición: / 2ud Frontal de Metacrilato 5mm Transpare |
| F/2023/1076 | Emit- 0000239 | 1.622,13 | 135 | 214 | ALONSO PAYO, MANUEL | MERCEDES 1960 KMX,NEUMÁTICOS TRACCIÓN KUMHO,S.I.GESTIÓNNFU(RD1619/2005) |
| F/2023/1084 | Emit- 320 | 928,00 | 134 | 22699 | O FOGON DA RIA, S.L. | Semana de la movilidad, Congreso Vai de Ruas, Paola Maria Mochales |
| F/2023/1109 | 01 1/023 | 1.696,42 | 2314 | 22610 | ARENARIA COORDINACION, S.L.U. | EXECUCIoN DE PROGRAMA DE CARACTER ÑuDICO EDUCATIVO CENTRADO NA SUSTENTABILIDADE NO NADAL, A TRAVES DE OBRADOIROS DE DIVU |
| F/2023/1199 | PAULINO 2523 | 411,40 | 320 | 213 | CALEFACCIONES PAULINO, S.L. | REPARACION DE AIRE ACONDICIONADO LG, CARGAR GAS EN EQUIPO, PROBAR Y PROGRAMAR, MANO DE OBRA Y DESPLAZAMIENTO / CARGA DE |
| F/2023/1201 | PAULINO 2623 | 139,15 | 320 | 213 | CALEFACCIONES PAULINO, S.L. | REPARACION DE AIRE ACONDICIONADO, LIMPIAR FILTROS, REGULAR TEMPERATURA PROGRAMAR Y COMPROBAR CARGA DE GAS, MANO DE OBRA |
| F/2023/1205 | A 230113 | 447,70 | 926 | 213 | SKETCH SYSTEM, S.L. | COMMENT\|Pedido nº A - 57 de fecha 20/02/2023 / COMMENT\|TL2023 / 57 / INTERVENCIÓN KONIKA MINOLTA C658 / COMMENT\|\- Sust |
| F/2023/1206 | Emit- 269 | 207,25 | 311 | 214 | TALLERES CONDE QUINTAS, S.L. | FIRESTONE 185/65 R15 88H ROADHAWK ( NEMO 5434HHW ) / ECOTASA / MANO DE OBRA |
| F/2023/1215 | 2022_ 1011 | 381,15 | 926 | 22000 | INKROMATIC SOLUCIONES PROFESIONALES DE IMPRESIÓN, S.L. | JUEGO DE TINTAS ( Dpto.comunicacion/Manuel Villaronga ) |
| F/2023/1216 | 423 | 1.452,00 | 926 | 22602 | JUEGUEN GARCIA, PABLO | XESTIÓN, MANTEMENTO E CREACIÓN DE CONTIDO RRSS-XANEIRO.ÁREA DE COMUNICACIÓN SOCIAL |
| F/2023/1217 | 1 105 | 240,48 | 135 | 214 | JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L. | OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 / ALBARÁN: 158 DEL 02-02-2023 / RESPONSABLE DE COMPRAS: FCO. JAVIER GUILLÁN BUSTO |
| F/2023/1218 | 1 106 | 57,48 | 135 | 214 | JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L. | DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC: L01360600 UT:L01360600 OG:1360600 / ALBARÁN: 213 DEL 16-02-2023 / RESPONSABL |
| F/2023/1219 | 1 107 | 2,60 | 135 | 214 | JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L. | DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 / ALBARÁN: 218 DEL 17-02-2023 / RESPONSAB |
| F/2023/1221 | 2023Emit- 422 | 508,20 | 9201 | 22706 | VISUALPUBLINET, S.L. | Registro y Alojamiento anual: www.visitvilagarcia.es DIR3 OC L01360600 OCL01360600 UT |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | LO1360600 Presuposto aprobado |
| F/2023/1231 | C-2023-032 | 600,00 | 134 | 489 | ASOC. RED DE CIUDADES QUE CAMINAN | CUOTA ANUAL ASOCIACION RED DE CIOUDADES QUE CAMINAN. 2023 |
| F/2023/1243 | 10 6835 | 323,04 | 3321 | 22001 | ESPACIO DO LECTOR, S.L. | (G) MATRIARCAS / DESPUES DE DICIEMBRE / 3 PRINCESAS DRAGON - SU MAJESTAD LA BRUJA / REGLA MOLA LA / 11 PERROCK HOLMES - |
| F/2023/1244 | 10 6836 | 16,24 | 3321 | 22000 | ESPACIO DO LECTOR, S.L. | TACO DE NOTAS ADHESIVAS (76X76MM) AMARILLO - FIXO / TACO 400 NOTAS ADHESIVAS (51X51MM) COLORES NEON - FIXO / CINTA ADHES |
| F/2023/1245 | 10 6841 | 173,91 | 3321 | 22001 | ESPACIO DO LECTOR, S.L. | MARCA (Viernes) (Nº: 21216) / MARCA (Sábado) (Nº: 21217) / MARCA (DOMINGO) (Nº: 21218) / MARCA (Lunes) (Nº: 21219) / MAR |
| F/2023/1246 | Emit- 274 | 19,36 | 3262 | 213 | DIPETRINTA, S.L. | 11817 TERMOMETRO DIGITAL |
| F/2023/1249 | PAULINO 2423 | 104,79 | 164 | 213 | CALEFACCIONES PAULINO, S.L. | REPARACION DE FUGA DE GASOIL EN QUEMADOR, LIMPIEZA DE FILTROS Y LINEA DE GASOIL, MANO DE OBRA Y DESPLAZAMIENTO / LATIGUI |
| F/2023/1251 | A 182 | 36,24 | 1530 | 213 | SERMAGAL MAQUINARIA, S.L. | FES. ADAPTADOR MAGNETICO BH 60 CE-IMP / AFILADO 4 CUCHILLAS |
| F/2023/1252 | E/23-00427 | 337,91 | 943 | 466 | FEDERAC. ESPAÑOLA MUNICIPIOS Y PROVINCIAS | CUOTA EXTRA XIII PLENO FEMP 2023 |
| F/2023/1253 | RC/23-5562 | 2.113,78 | 943 | 466 | FEDERAC. ESPAÑOLA MUNICIPIOS Y PROVINCIAS | CUOTA ASOCIADO FEMP 2023 |
| F/2023/1259 | F 230037 | 2.178,00 | 4311 | 22799 | VIVITEX TONIC TIME, S.L. | Bonos comercio (Alba Briones) |
| F/2023/1270 | PAULINO 2333 | 94,99 | 920 | 213 | CALEFACCIONES PAULINO, S.L. | REPARACION DE CALDERA, REPARAR FUGA EN RADIADORES, PURGAR Y PROBAR, OBRA MATOSHINOS SANIDAD, MANO DE OBRA Y DESPLAZAMIEN |
| F/2023/1273 | 401230054 | 210,93 | 165 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | DOWNL.RED.MINI PANEL EXTRPLN.LED 15W BL.DOWNL.RED.MINI PANEL EXTRPLN.LED 15W BL. / PROY.FL PFM 50W 4K SYM NG 40580754212 |
| F/2023/1274 | 401230055 | 20,04 | 338 | 22699 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | CAB DE REYESCAB DE REYES / LAMP.HALOLINE 64696ECO 120W R7S 1977670LAMP.HALOLINE 64696ECO 120W R7S 1977670 / 482038482038 |
| F/2023/1279 | Emit- 21 | 262,15 | 135 | 214 | TALLERES CONDE QUINTAS, S.L. | CAMBIO DE ACEITE ( FORD CUSTOM 7683HWH ) / FILTRO ACEITE / BOMBA ACEITE / MANO DE OBRA |
| F/2023/1330 | 02148000002923F | 790,87 | 334 | 22700 | CLECE, S.A. | Incremento de frecuencia de limpieza de la instalación BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), correspondiente al |
| F/2023/1331 | 02148000003023F | 4.033,62 | 3321 | 22700 | CLECE, S.A. | BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Febrero de 2023ZONAS COMUNES |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2023/1333 | 02148000003323F | 6.116,07 | 334 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Febrero de 2023SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES / Serv |
| F/2023/1334 | 02148000003523F | 318,42 | 241 | 22700 | CLECE, S.A. | EDIFICIO MATOSINHOS Febrero de 2023Importe servizos |
| F/2023/1336 | 02148000003923F | 1.157,10 | 3262 | 22700 | CLECE, S.A. | ESCUELA MUNICIPAL DE MUSICA ""BERNARDO DEL RIO"" Febrero de 2023Importe servizos |
| F/2023/1342 | 02148000003623F | 493,08 | 135 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza de EDIFICIO E INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Febrero de 2023Importe servizo |
| F/2023/1343 | 02148000004023F | 69,91 | 241 | 22700 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES DE PROMOCIÓN ECONOMICA (EMPLEO): ESCUELA OBRADOIRO Febrero de 2023Escola Obradoiro |
| F/2023/1344 | 02148000004323F | 359,72 | 920 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL E GAC EN A MAROMA Febrero de 2023GAC / Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL E |
| F/2023/1347 | 02148000004623F | 115,66 | 920 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza semanal en la OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DIGITAL situada en la PRAZA ARCEBISPO LAGO durante e |
| F/2023/1348 | 02148000004923F | 143,69 | 231 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza con frecuencia de 1 día a semana (lunes) de un aula en el Pabellón de la Torre. Mes de Febrero 2023 |
| F/2023/1349 | 2023//234 | 720,07 | 9201 | 22706 | MANTENIMIENTOS GALLEGOS, S.A. | El DIR 3 del ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa Oficina Contable (OC): L01360600 Órgano Gestor (OG): L01360600 Unidad |
| F/2023/1350 | CDF- 230002 | 1.482,25 | 920 | 22799 | CDF CONSULTORIA Y GESTION FORMATIVA, S.L. | SERVIZOS DE CONSULTORÍA - DEPARTAMENTO TÉCNICO ( ) / Servizo de asistencia técnica ao cidadán a través do punto |
| F/2023/1400 | 03 | 4.719,00 | 150 | 640 | MILLAN ARMAS, JOSE MANUEL | 60% HONORARIOS COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRA MELLORA CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS. MATOSINHOS. LOTE 2. (URBANISMO). |
| F/2023/1401 | 02 | 1.996,50 | 150 | 640 | MILLAN ARMAS, JOSE MANUEL | 30% HONORARIOS COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS, MATOSINHOS, LOTE 1. (URBANISMO). |
| | TOTAL | 149.653,19 | | | | |

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.